



Manuel Iglesias Canda, José Ramón García Iglesias e José Ramón Iglesias Canda, os tres socios de SAT O Chope

SAT O Chope, exemplo de adaptación ao robot

Que sala tiñan antes de instalar os robots?

Tiñamos unha sala DeLaval 2x8 de muxido traseiro, onde muxiamos os mesmos animais que agora porque a capacidade do establo é para 210 cornadizas e 215 cubículos. Xa estabamos ao límite.

Por que se decidiron a cambiar da sala ao robot?

Nós xa hai anos que tiñamos claro que queríamos poñer robot. A idea básica era conseguir un pouquiño máis de produción e facer un terceiro muxido. Ese terceiro muxido en sala non o queríamos facer, iso si que o tiñamos claro todos.

Como planificaron o proceso de instalación do robot?

A idea primeira era poñer tres máquinas, pero cando empezamos a mirar, vimos que íamos ir moi xustos, sobre todo para a adaptación. Ao final decidímonos a meter catro máquinas e a facelo en dúas fases para que ese proceso de adaptación fose un pouco máis fácil, tanto para os animais como para nós. Xa que tiñamos dúas persoas que se dedicaban ao muxido, propuxémonos facer a primeira fase no inverno para que nós, os tres socios, tivéssemos máis tempo para dedicarlle ao robot.

A primeira fase botou a andar o 20 de febreiro do 2018 con 100 animais ata o 14 de agosto, que comezamos coa segunda. Como as construcións as fixemos tamén nós, fomos facendo a primeira fase no primeiro inverno e no verán aproveitamos para facer a segunda fase.

As vacas que daban máis leite foron as que comezaron na primeira fase de adaptación para ir facendo xa o terceiro muxido e tratar de sacar máis produción. Deixamos as de máis tempo de xestación e menos leite na sala; unha, porque

nos levaba menos tempo facer o muxido, e outra, porque nos parecía que as vacas con menos leite ían ser máis difíciles de adaptar ao robot.

Na primeira fase seguimos os protocolos que nos recomendou GEA. Durante 15 días fixemos adaptación en penso, só penso e, a partir dos 15 días, empezamos a muxir. O primeiro día comezamos muxindo 70 animais; o segundo, metemos 10 máis, e o terceiro día pasamos a 100 animais.

Arrancar dúas máquinas con 100 animais supuxo que os primeiros días estivésemos continuamente metendo vacas para romperlles a rutina dos dous muxidos, mañá e tarde. O que intentamos facer foi realizar os máximos muxidos posibles todos os días para que perdesen esa rutina, que elas se acostumasen a muxirse a calquera hora do día. Estivemos durante tres semanas facendo este protocolo, chegamos a muxir todas as vacas cada seis horas. Creo que isto facilitou unha

Explotación: SAT O Chope
(Escuadro, Silleda)

Animais en total: 426

Vacas en produción: 192

Media de produción anual:
39,9 litros/vaca/día

**Media de muxidos
actual:** 3,1

Graxa: 3,76 %

Proteína: 3,22 %

RCS: 204.000

adaptación máis fácil, porque a partir da terceira semana xa as deixamos dende as doce da noite ata as seis da mañá sen vixilancia, deixámoslles seis horas de marxe para que as que viñan soas, así o fixeran. A partir do mes quedaron absolutamente soas de noite e, aos dous meses, xa se notou un cambio importante nos animais, pois xa a maioría viñan sós.

Na segunda fase, eu creo que entre a nosa experiencia e que os animais xa estaban acostumados aos ruídos deste outro lote, foi todo máis rápido. Estiveron tres días con penso, logo muxido e a verdade é que, a partir do mes, estaba todo rodado.

Como se prepararon vostedes, como gandeiros, para ese cambio?

Como dende hai anos tiñamos claro que queriamos instalar o robot, fomos preparando a explotación con tempo para este sistema de muxido. Visitamos moitas granxas robotizadas, falamos con moitos gandeiros que traballaban con robot, intentamos coñecer os problemas que eles tivesen, dende o ano 2010 utilizamos touros cuxas probas marcasen a súa aptitude para robot, colocamos unhas estacións de penso para que as vacas se fosen acostumando a comer nos boxes... Estas foron algunhas das claves que nos axudaron a botar a andar isto.

Un punto importante foi coñecer os problemas doutros gandeiros, o que sufriron, sobre todo nos dous primeiros meses, estar preparado para saber que o primeiro mes hai que estar dispoñible as 24 horas, que ten que haber alguén na granxa. É fácil dicilo, pero ser constante e estar dispoñible as 24 horas durante un mes, non é tan fácil. Nós tiñamos a vantaxe de ser tres socios e mentalizámonos para traballar 30 días con quendas de 8 horas cada un. Para nós foi bastante levadío.

Cando a xente vén visitarnos aquí, eu sempre digo que se deben ver 20 ou 30 explotacións para coñecer os verdadeiros problemas.

Que diferenzas notaron co cambio?

Dános moita máis liberdade para facer outras cousas que antes quedaban sen facer. Chegamos á granxa ás sete e hai días que ás oito temos xa feitos os atrasos e muxidas as acabadas de parir, co cal tes tempo para outras cousas. Ademais da liberdade de horarios que che da, polas mañás adoitamos ser constantes, pero polas tardes ou as fins de semana vés antes, porque queres marchar pronto, ou vés máis tarde. Non pasa nada, sabes que vas ter tres ou catro animais que van estar atrasados, pero a gran maioría do rabaño está funcionando perfectamente.

Tanto é así que no lote da primeira fase, agora mesmo tan só temos unha vaca que traer, porque non vén, e dúas ás que temos marcadas para muxido manual porque patexan e non teñen permiso de entrada, só se moxen cando estamos nós aquí.

Nos animais da segunda fase, aínda tendo vacas acabadas de parir que non estan acostumadas ao robot, temos un total de 90 vacas e non chegan a 10 os animais que temos que ir buscar ao día.



Tras a fase de adaptación, que valoración fan do cambio?

Estamos moi contentos pola liberdade que nos dá. Creo que ata se creou un pouquiño de mellor ambiente na empresa porque temos máis comunicación. Agora hai unha relación máis fluída entre nós, entre os traballadores, e psicolóxicamente tamén creo que o traballo axuda moito. Non é o mesmo ir buscar un animal que estar durante sete horas colocando teoeiras, un traballo fisicamente moi esixente tamén.

En canto aos animais, mentres que non puxemos a segunda fase, notabamos que os dous grupos se comportaban completamente diferente. No grupo do robot estaban moito máis tranquilos, nós estábamos polo medio e nin se inmutaban; pola contra, os do lote da sala poñíanse máis nerviosos cando vían a nosa presenza alí no medio. O persoal era o mesmo, movéndonos no mesmo ambiente, pero eles notaban que cada vez que iamos ao medio deles os iamos molestar por algo. En cambio, no lote do robot os animais están completamente tranquilos.

Por que se decidiron por GEA?

Houbo varias razóns. Por cuestións técnicas da máquina que nos gustaban máis: o poder separar o leite por cuartos, o facer un muxido en liña completamente baixa, o facerse cun baleiro baixo, pois moxe a 41 quilopascals, a opción da colocación manual, o foso... Nós criamos que todo isto ía ser máis beneficioso para os animais e tamén houbo razóns de distribución. Tiñamos un distribuidor aquí cerca co que xa levabamos moitos anos de trato. Con outras opcións non tiñamos tan bo *feeling* ou o distribuidor estaba a moitos quilómetros.

O equipo de GEA veu a nós, quería introducir a súa máquina aquí e apostamos por eles. A verdade é que estamos moi contentos.

Teñen algún equipo máis GEA?

Ademais dos catro robots, imos en poucos días comezar a traballar co arrimador GEA FROne.

Cara ao futuro, pensan en crecer?

Non temos pensado crecer máis pola nosa localización, estamos nun núcleo urbano e non podemos medrar na parcela onde estamos, teríamos que ir a outra finca. A idea que temos é a de optimizar e sacar o máximo rendemento ao que temos, sen crecer máis.

